

TAREFAS DO 11 AO 15 DE MAIO

ACTIVIDADES DE REPASO, REFORZO E AMPLIACIÓN DE CONTIDOS E REMATE DE PROXECTOS 3º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

Queridas familias:

Unha semana máis, envío tarefas para que as nenas e nenos non perdan o hábito diario de traballo. Despois de todo este tempo, volvo a lembrar que no grupo (como acontece na mayoría dos casos) hai alumnos que precisan máis tempo que outros para rematar as actividades, a pesar de que o esforzo poida ser o mesmo ou maior. Por outra banda, hai familias que lle poden dedicar máis tempo a axudalos e outras menos; se a isto lle sumamos as diferencias en canto a recursos (ordenador, conexión a internet, impresora...), xa temos tal variedade de casos que non podo máis que pedirvos que vós mesmos reguledes a cantidade de traballo dos vosos fillos e fillas. A aqueles aos que se lles faga demasiado o que envío, recoméndolle que en primeiro lugar se dediquen ás actividades de Matemáticas; en segundo lugar, ás actividades que pido para entregar; en terceiro, ás Lingua; e, por último, ás Ciencias. Con isto non quero dicir que se abandonen as actividades propostas, senón que se retomen en canto teñan tempo (o verán é moi longo).

Finalmente, coméntovos que a **proba desta semana do blog de 3º e 4º** consiste en facer un avión de papel moi especial, por se algún neno ou nena se anima a participar:

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipgandarasofan/node/1539>

No que respecta ás tarefas a realizar, como xa vos comentei anteriormente, a partir de hoxe sinalarei con claridade aquelas que debedes enviarme por correo electrónico. Moitas grazas de novo polos vosos esforzos!

TAREFAS PARA ENVIAR

MATEMÁTICAS: Libro páxina 140 (exercicios 1, 2, 4, 6, 7, 8 e 9).

LINGUA: PDF páxina 6, exercicio 9 (15 de maio, Día da Familia: árbore xenealóxica).

CIENCIAS SOCIAIS: PDF páxina 13, exercicios 4, 5 e 6 (Os movementos da Terra).

MATEMÁTICAS. REPASO DE LA UNIDAD 8.

Libro en papel / Libro digital.

Página 139:

- Cálculo mental: ejercicios 1, 2 y 3.
- Leer “Aclaro mis ideas”.

Página 140: ejercicios 1, 2, 4, 6, 7, 8 y 9. ⇒ TAREAS PARA ENVIAR

Página 141: ejercicios 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9 y 10.



Tareas voluntarias: sección “Actividades” del libro digital. ⇒

NOTA: En alguno de estos ejercicios se repasan los números romanos; aunque ya los tenéis en vuestra libreta, dejo aquí este cuadro explicativo para que los recordéis con más facilidad:

NÚMEROS ROMANOS



→ Las letras que están rodeadas, se pueden repetir hasta 3 veces. Por ejemplo:

$$3 = \text{III} \quad 20 = \text{XX} \quad 300 = \text{CCC} \quad 2000 = \text{MM}$$

→ A la izquierda, resta: $\text{XL} = 40$, porque a 50 (L), le hemos quitado 10 (X).

→ A la derecha, suma: $\text{LII} = 52$, porque a 50 (L), le hemos sumado 2 (II).

→ Si descompones mentalmente la cantidad, es más fácil. Por ejemplo:

$$2\,547 = 2000 + 500 + 40 + 7$$

$$\text{MM} \quad \text{D} \quad \text{XL} \quad \text{VII}$$



LINGUA GALEGA. Repaso, reforzo e ampliación.

Lembra que podes empregar dicionarios en liña como o da Real Academia Galega:
<https://academia.gal/diccionario>

Día das Letras Galegas

Comprehension reader

1. Le o seguinte texto e responde ás preguntas.

Ricardo Carballo Calero é o escritor ao que se lle dedica o *Día das Letras Galegas* no ano 2020. Este día adóitase celebrar cada 17 de maio, mais este ano deixarémolo para o próximo outono, xa que non volveremos á escola ata setembro.

Ricardo Carballo Calero naceu o 30 de outubro de 1910 en Ferrol e faleceu en Santiago de Compostela o 25 de marzo de 1990. Xa desde os primeiros anos da súa infancia lía xornais, de xeito que cando acudiu por primeira vez á escola, sabía ler perfectamente. Ademais de xornais, na casa tamén había algo que non era habitual naquel tempo: libros en galego.

Ferrol ten unha gran tradición mariña. Na aldea onde pasaba os veráns gozaba vendo o mar e soñaba con ser un mariño que navegaba por todos os mares do mundo. Carballo Calero escribía poemas e obras de teatro desde neno e esa paixón polas letras vaille gañar o pulso á de ser mariño. O seu primeiro libro de poemas en galego, *Vieiros*, chegaría en 1931. Tamén exerceu como profesor: unha das súas grandes paixóns.



- Como se chama o autor ao que se dedica o *Día das Letras Galegas* este ano?

- Que día se celebra cada ano o *Día das Letras Galegas*?

- Cando e onde naceu Ricardo Carballo Calero?

- Como se titula o seu primeiro libro de poemas en galego?

As pitas baixo a choiva

Un refacho de vento, de súpeto, conmoveu o ar. E unha nube moura esvarou polo ceo. Laiáronse as árbores docemente, e axiña se velou o sol. A bóveda azul fixose gris e fría. E a chuvia comezou a caer.

Era unha chuvia de verán, torrencial, esmagadora. A terra seca bebeu arelosamente as primeiras augas. Logo, enchente, rexeitou beber máis. Charcos e miúdos regueiros xurdiron entre a lama. Alampou un lóstrego. Como se un carro de patacas emborcase a súa carga, a rolar, polo teito do ceo, o trebón retumbou.



RICARDO CARBALHO CALERO

2. Escribe unha pregunta relacionada co texto para cada unha destas respostas.

a) _____ ? Unha nube moura.

b) _____ ? A chuvia.

3. Falando de auga. Xa comentamos en clase que a auga é un ben escaso hoxe. Lembras como podemos facer para reutilizar a auga ou para evitar un gasto excesivo? Escribe tres medidas.

4. Atopa na sopa de letras as seguintes palabras relacionadas co tempo atmosférico:

REFACHO VENTO

CHUVIA LÓSTREGO

SOL TREBÓN

R	J	C	H	U	V	I	A	I	Y	D
Q	I	V	X	T	Y	E	V	B	J	R
K	L	Ó	S	T	R	E	G	O	C	T
T	R	E	B	Ó	N	R	N	K	J	P
N	Q	F	G	W	A	A	J	P	M	F
H	Z	G	O	R	V	O	O	K	G	S
S	O	L	R	E	F	A	C	H	O	I
I	K	D	F	F	B	T	P	C	R	V
I	N	O	F	S	P	A	C	I	D	W
Z	V	Q	R	U	O	C	W	A	R	O
R	C	W	U	S	V	E	N	T	O	Q

5. Le de novo o texto *As pitas baixo a choiva* e localiza...

- a) tres palabras que se escriban con **mp** ou **mb**: _____
- b) un sinónimo de **escura**: _____
- c) un **antónimo** de **mollada**: _____

Os catro

Dos meus irmáns, foi sempre Clara a que preferín. Tiña cinco anos menos ca min. Fora unha naipela moi linda, redonda, branca e vermella. O seu cabelo era tan roxo que semellaba branco. Era o espírito máis xentil da familia. Estaba sempre leda: era moi agarimosa, aberta e rebuldeira. Falaba moi asisadamente, e decatábase como unha persoa maior de todo o que acontecía arredor dela.

RICARDO CARVALHO CALERO

6. Unha naipela é unha nena acabada de nacer. Como era Clara de naipela?

7. Debuxa a Clara tal e como a imaxinas despois de ler a descripción do relato.



8. A pesar de ser un texto curto, en *Os catro* hai más de dez adjectivos. Escribe todos os que atopes:

9. 15 de maio, Día da Familia. ⇒ TAREFA PARA ENVIAR.

O día 15 de maio temos outra celebración, O *Día da Familia*. A actividade para conmemorar este día é unha árbore xenealóxica: unha representación gráfica na que aparecen os nomes dos teus familiares e o teu. Podes completar esta árbore que deixo aquí ou deseñar a túa propia se esta che parece demasiado grande. Seguramente precisas da axuda dalgún adulto por se non coñeces todos os nomes que precisas... Lembra que o lugar máis importante (no centro, abaixo) debes ocupalo ti!



A miña árbore xenealólica

10. Actividade voluntaria: lectura do conto completo *As pitas baixo a choiva*, de Ricardo Carballo Calero.

As pitas baixo a choiva: https://issuu.com/bucle/docs/as_pitas

LENGUA CASTELLANA. Repaso, refuerzo y ampliación.

Recuerda que puedes emplear diccionarios online como el de la Real Academia Española:
<https://dle.rae.es/>

Conoce la lengua

1. Completa con estos determinantes. Despues, subraya los nombres a los que acompañan.

aquellas la cinco nuestro unos

Somos _____ hermanos. De pequeños, nos gustaba mucho ir a _____ playa con
_____ tío Miguel.


Todavía conservo _____ caracolas que encontramos bajo _____ montones de algas.

2. Rodea los artículos de este texto y clasifícalos.

Mañana voy con unas amigas de excursión. Queremos visitar el planetario. La profe dice que veremos las estrellas con unos telescopios impresionantes.
¡Qué ganas!

Determinados: _____

Indeterminados: _____



3. Completa con los artículos que se indican.

- | | |
|---------------------------|---------------------------|
| 1. Artículo indeterminado | 3. Artículo indeterminado |
| 2. Artículo determinado | 4. Artículo determinado |

El sábado pasado, (1) _____ amiga me ayudó a terminar
(2) _____ puzzle de animales marinos. En agradecimiento, yo le
regalé (3) _____ cromos de (4) _____ película *Minions*.

4. Separa estas palabras en sílabas.

- Iluminar: _____
- personaje: _____
- helicóptero: _____
- melocotón: _____

Comprensión lectora

Un gato recorre 3200 km para encontrar a sus dueños


Ocurrió en Rusia, y sí, has leído bien... tres mil doscientos kilómetros... Esa es la increíble distancia que un gato ha recorrido para encontrar a sus dueños.

El viaje no solo fue largo sino también muy peligroso. El animal empleó casi dos años de su vida en cruzar el país hasta llegar a su destino: la nueva casa de sus dueños.

Ravula Hairova, su dueña, no podía imaginar la locura que haría su gato por encontrarla. Ella decidió dejarlo con sus vecinos, por temor a que el animal no superara el cambio de hogar. Sin embargo, el gato no tardó en marcharse de la casa de los vecinos.

No se supo nada de él hasta que la señora Hairova descubrió un gato que merodeaba en los alrededores de su nueva casa. El pobre gatito, de nombre Karim, estaba demacrado y muy delgado, pero su dueña lo reconoció de inmediato y se sintió muy feliz de verlo de nuevo.

El gato, que ahora tiene nueve años, duerme en el sillón que la familia llevó desde su antigua casa hasta la nueva. Ahora es mucho más casero. Después del viaje, tendrá ganas de descansar, el pobre animalito.



5. Responde a las preguntas.

- ¿Por qué Karim hizo un viaje tan largo?

-
- ¿Qué edad tenía cuando se escapó de la casa de los vecinos?
-


- ¿Por qué su dueña no se lo llevó a la nueva casa?

- ¿Qué aspecto tenía Karim cuando encontró a sus dueños?

Digitized by srujanika@gmail.com

6. Ordena del 1 al 5 según la historia.

- _____ Ravula Hairova decidió no llevarse al gato a su nueva casa.
 - _____ El gato disfruta de su nueva casa y de su antiguo sillón.
 - _____ El gato encontró a sus dueños.
 - _____ El gato recorrió un trayecto largo y peligroso.
 - _____ La dueña se sintió muy feliz al ver a Karim, aunque estaba



7. Une con flechas.

- La familia •
 - se hicieron cargo de Karim.
 - Ravula Hairova •
 - se llevó un sillón a la nueva casa.
 - Karim •
 - decidió dejar al gato con sus vecinos.
 - Los vecinos •
 - atravesó Rusia durante casi dos años.

8. Busca en el texto parejas de antónimos y escríbelas.

Entré en el pasadizo y comencé a caminar. La oscuridad no me dejaba ver. Di unos pasos y escuché una voz. Seguí andando y salí por una puerta diminuta siguiendo la claridad del sol. Había flores y grandes árboles: terminé el día en un campo precioso.

- _____ y _____
 - _____ y _____
 - _____ y _____
 - _____ y _____

9. Completa la tabla con sinónimos y antónimos.

	Sinónimo	Antónimo
antiguo		
caluroso		
perezoso		
repleto		
feliz		

Literatura

10. Lee atentamente este texto y responde a las preguntas.

El mar. La mar.


El mar. ¡Solo la mar!

¿Por qué me trajiste, padre,
a la ciudad?

¿Por qué me desenterraste
del mar?

En sueños, la marejada
me tira del corazón.
Se lo quisiera llevar.

Padre, ¿por qué me trajiste
acá?



Rafael ALBERTI

Huerto del limonar

Edelvives

- ¿Qué tipo de texto es? Marca.

literario


no literario

- ¿Es un texto en verso o en prosa? Explica por qué.

- ¿Cómo se siente el poeta? ¿Por qué?

- ¿Qué sentimientos te produce el poema?

11. Completa el poema con las siguientes palabras: *jugaré, amigos, contento, colegio*. Después, inventa dos líneas más.



Cuando vea a mis _____

por fin en el _____

me pondré muy _____,


me reiré y _____ con ellos.

CIENCIAS SOCIAIS. Repaso, reforzo e ampliación.

Viamos ao espazo

1. Le atentamente a seguinte definición e responde. Que é?

Conxunto formado por todos os astros existentes, tanto luminosos coma non luminosos.



2. Indica que é cada imaxe: estrela, planeta ou satélite.


A Terra



A Lúa



O Sol



3. Que razóns fan posible a vida no planeta Terra? Marca.

- | | |
|---|---|
| <input type="checkbox"/> A distancia que separa a Terra da Lúa. | <input type="checkbox"/> A distancia que separa a Terra do Sol. |
| <input type="checkbox"/> A existencia da atmosfera. | <input type="checkbox"/> A existencia do día e da noite. |
| <input type="checkbox"/> A presenza de auga. | <input type="checkbox"/> A súa forma esférica. |

4. Marca as respostas correctas.

- A Terra tarda en xirar sobre ela mesma:

365 días. 28 días.

24 días. 1 día.



- O xiro que a Terra dá sobre ela mesma denomínase:

Movimento de translación.

Movimento de rotación.

Movimento de translocación.

5. Completa as seguintes frases.

Os días son más longos en _____ e más curtos en _____ .

Cada semana a Terra dá _____ voltas sobre _____ .


O movemento de _____ produce o día e a _____ .

6. Escribe verdadeiro (V) ou falso (F).

A translación é:

- O movemento que realiza a Terra ao xirar sobre ela mesma.

- O movemento que realiza a Terra cando xira arredor do Sol.




- O movemento que realiza a Terra ao xirar arredor da Lúa.

As vías da Lúa

7. Riscalas as respostas incorrectas.

- A Lúa é un satélite da Terra.
- A Lúa é o único satélite do sistema solar.
- A Lúa realiza dous movementos: o de translación e o de rotación.
- A Lúa tarda en dar unha volta sobre ela mesma dous días máis do que tarda en dar unha volta arredor do noso planeta.

8. Observa e escribe debaixo de cada imaxe o nome da fase da Lúa.



PLÁSTICA. Remate de proxectos.

Proxecto de fotografía: “Foto desde a miña ventá”

Esta actividade consiste en sacar unha fotografía sacada desde a túa ventá ao exterior e enviárnola a través de mamá ou papá por correo electrónico. É moi sinxelo!